



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

D^a. PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **17 de outubro de 2025**, adoptou o seguinte acordo:

5.- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN DE FESTIVAIS E INICIATIVAS SOCIAIS NOS CENTROS DOCENTES DE VIGO. EXPTE. 98998/332.

Sométese a aprobación o informe proposta de data 9/10/2025, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 1 de agosto de 2025 adoptou entre outros os seguintes acordos:

“Primeiro: Aprobar as Bases reguladoras, a Convocatoria e o Extracto da mesma para a concesión de subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización de festivais e iniciativas sociais nos centros docentes de Vigo, que se achegan ao expediente.

Segundo: Aprobar o gasto por importe total de 25.000,00 (vinte e cinco mil) euros, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0002 “Actividades extraescolares” dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2025.”

Incorpórase ao expediente 98998/332 o contido da acta da xuntanza mantida pola Comisión de Seguimento celebrada en data 9 de outubro de 2025, coa finalidade de emitir unha proposta de resolución para a concesión das Subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización de festivais e iniciativas sociais nos centros docentes de Vigo.

Faise constar que da información que obra no seu poder despréndese que todos os centros educativos solicitantes cumpren cos requisitos esixidos para acceder a estas subvencións (Base 4C).

A presente proposta remitirase para informe preceptivo da Intervención Xeral Municipal, con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e coa base 10.3 das que rexen este procedemento.

Á vista do anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Primeiro.- Conceder ás seguintes entidades solicitantes as Subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización de festivais e iniciativas sociais nos centros docentes de Vigo (expte 98998/332), polos importes que se indican:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 09:18	Páxina 1 de 2
98998-332	CSV: A2A6D2-B484DH-3B3C81-VDHDFV-K21VAB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Centro educativo solicitante	CIF	Proxecto	Importe concesión
CEIP Seis do Nadal	S8600059C	O circo do Seis	2.000,00 €
CEIP Vicente Risco	S8600060A	Son das Flores	1.995,49 €
CPR Amor de Dios	G44592293	Festas do Colexio	2.000,00 €
CEIP Virxe do Rocío	S8600039E	80 anos facenda escola en Bouzas	2.000,00 €
CEIP Paraixal	S8600050B	De festa en festa	1.671,98 €
CPR Labor	B36824431	Festival audiovisual y teatral de la Semana Europea	2.000,00 €
CPR Divino Salvador	B27737410	Xornada na horta	1.861,18 €
CEIP Valle Inclán	S8600021C	Excursións	2.000,00 €
IES Carlos Casares	Q8655403G	Árbores do Casares	2.000,00 €

Segundo.- Dispoñer a publicación da relación de subvencións concedidas na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org e no portal de transparencia, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP. Así mesmo, remitiranse as subvencións concedidas á Base de Datos Nacional de Subvencións, con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

Terceiro.- Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á publicación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPACAP e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.
O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 09:18	Páxina 2 de 2
98998-332	CSV: A2A6D2-B484DH-3B3C81-VDHDFV-K21VAB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		